



ORTEGAL

Club de Montaña O Carroucho

24 de Marzo de 2012

Comezaremos a ruta no pobo de Ladrido. Continuamos a carón da costa preto dos cantís ata chegar a o Porto de Espasante cruzando varias praias, St^a Eulalia, San Antonio, Arxua, Mazorgan... Praias con pouca resaca onde o mar bate con pouco tesón. Formacións xeolóxicas como o acantilado de Loiba e outras formacións rochosas como Pena Furada. Seguimos ata chegar á praia do Sarridal que é bastante inaccesible e imos ter que bordeala tirando cara arriba ata a aldea de Paredes, seguimos camiñando e nos atopamos coa

Datos Básicos	
Comezo:	Ladrido
Remate:	Vila de Bares
Distancia lineal:	23,5 km.
Duración aproximada:	7 horas
Dificultade:	Media
Altura máxima:	330 m
Altura mínima:	45 m
Acumul.:	↗788 m / ↘704 m



"The best bank of the world"

aldea de Picón onde xantaremos coas fermosas vistas como os aguillóns de cabo Ortegal en frontonosa e a súa praia onde se atoparon restos volcánicos. Xa pola tardiña continuaremos ata a praia de Esteiro, se a marea está baixa cruzarémolo río do mesmo nome. A par-

tires de este punto, vendo a imposibilidade de seguir pola costa, tiraremos cara o monte por un camiño un pouco complicado que nos levará ata a canteira de Sofía e posteriormente ata as estribacións da Serra da Faladoira. No século V gobernou no reino de Gallaecia o rei suevo Remismundo, un home pouco misericordioso que se pasaba a vida loitando dun lado para outro, ata cos seus propios fillos. Lonxe da súa casa, mentres, a súa esposa consolábase con outros nobres. Chegou a oídos do rei e ordenou enterrar viva a Hidelfrida nunha cova desta serra e cando o vento sopra din que son os la-

Lebrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte

mentos da raíña que pide axuda aos viaxeiros que por alí pasan. Díxonos un vello do lugar que alí estaban as mámoas onde se fundou a Vila de Bares. Os historiadores falan de importantes necrópoles, castros, mámoas subterráneas, vestixios de hai 3.500 anos, asentamentos e restos megalíticos. Subiremos ao alto do monte Facho, mesmo se di que tódolos montes chamados desta maneira foron no seu día puntos estratéxicos onde se asentaban os fenicios e facían lume para orientar os seus barcos e que non foran contra os cantís. Podemos ver un porto fenicio no peirao de Bares onde quedan restos do mesmo.



Dende o máis alto do monte poderemos observar á nosa man dereita o punto máis setentrional da península ibérica, Estaca de Bares, por onde pasan ao longo do ano máis de cen mil aves. Imos ver o Cantábrico, Illa Coelleira, a costa lucense, case case ata Asturias. E á nosa esquerda o Atlántico; rochas con formas peculiares que fan diferente a nosa terra, Os Aguillóns (que figuran no escudo de Ortigueira), Pena Furada, a ría de St^a Marta, unha das máis importantes brañas de Galicia e nomeada como Espazo Natural de Galicia. Se temos sorte poderemos ver tamén algún corzo. O que si veremos en abundancia e esa planta tan famosa en Galicia "O Toxo", polo que recomendamos levar as polainas.



Próxima cita:
21 Abril
Bueu – Cabo de Udra



O Carroucho
www.carroucho.org